



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

ACTA Nº 8/2024 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN - SALA DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, 3 DE OUTUBRO DE 2024 -

No día de hoxe, ás 21:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: ALFREDO DOVALE PEDREIRA

ASISTEN: PP

FRANCISCO JOSÉ CALVÍN FONDEVILA

JOSÉ MANUEL SANTEIRO FERNÁNDEZ

MIGUEL FREIRE GÓMEZ

ALBA MARÍA MARTÍNEZ LÓPEZ

ENRIQUE OTERO REY

PSOE

ALFREDO GONZÁLEZ TRASANCOS

MARTÍN REGO BAAMONDE

AUSENCIAS: PP

AZUCENA CAO SIERRA

SECRETARIA-INTERVENTORA: MARÍA VALIÑA GARRIDO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Sometidas a votación a aprobación da acta da sesión anterior, o Sr. Rego Baamonde manifesta “*Non a aprobamos pola razón de sempre, de ausencia de gravación das sesións.*”

O Pleno, co voto a favor dos Concelleiros do Partido Popular asistentes á sesión e o voto en contra dos Concelleiros do PS de G-PSOE, acorda aprobar a actas das sesión celebrada o día 24 de agosto de 2024.

2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta á Corporación das Resolucións da Alcaldía e o Pleno queda enterado das seguintes:



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Nº Decreto	Asunto
------------	--------



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

00188/2024	APROBACIÓN CONVOCATORIA PLENO N° 6/2024
00189/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN PETER PUNK POR REDE CULTURAL 2024
00190/2024	APROBACIÓN ACEPTACIÓN ACHEGA FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL 2024
00191/2024	APROBACIÓN SOLICITUDE ALTA PADRÓN DE HABITANTES
00192/2024	APROBACIÓN CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL N° 10/2024
00193/2024	APROBACIÓN IMPLANTACIÓN E POSTA EN MARCHA DUNHA REDE AUTONÓMICA DE ESTACIÓNS DIXITAIS DE MONITORIZACIÓN DE SISTEMAS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE EN ALTA
00194/2024	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
00195/2024	APROBACIÓN DE PERMISOS E LICENCIAS DE PERSOAL XULLO 2024
00196/2024	APROBACIÓN XERACIÓN DE CRÉDITO RENOVACIÓN E MELLORA DA EFICIENCIA NA ILUMINACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS
00197/2024	APROBACIÓN CONVOCATORIA E BASES CONTRATACIÓN AUXILIAR PARA A ATENCIÓN DA OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO 2024
00198/2024	APROBACIÓN ADXUDICACIÓN CONTRATACIÓN REPARACIÓN DE BOMBAS SOMERXIBLES
00199/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN AUXILIAR PARA A ATENCIÓN DA OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO 2024
00200/2024	APROBACIÓN MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS - VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NOS ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS E INSTALACIÓNS ACUÁTICAS DESCUBERTAS
00201/2024	APROBACIÓN ACEPTACIÓN SUBVENCIÓN
00202/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN “THE DUELLIST”- REDE CULTURAL 2024
00203/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN MAGO ANTÓN – REDE CULTURA 2024
00204/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN PROXECCIÓN DE A TODO TREN 2 - REDE CULTURAL 2024
00205/2024	APROBACIÓN ADMISIÓN PRAZA NO PAI
00206/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN ANDREA & THE BLACK CATS – III SOULPORES – REDE CULTURAL 2024
00207/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN BLUES DO PAÍS E O SINDICADO DA VERBENA – REDE CULTURAL 2024
00208/2024	APROBACIÓN CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL N° 11/2024
00209/2024	APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE-PAVIMENTACIÓN ACCESO A CURUXEIRA (GRAÑAS) E OUTROS-POS+2023
00210/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTUACIÓN DE JAVIER TURNES & THE HAKEMEN - REDE CULTURAL 2024
00211/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN LE BARLUTHIER – REDE CULTURAL 2024
00212/2024	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
00213/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN PERSOAL AUXILIAR DO SAF
00214/2024	APROBACIÓN COPAGO SAF ABRIL 2024
00215/2024	APROBACIÓN REDUCCIÓN DÉBEDA COA DIPUTACIÓN - POS+ AD3 - SOLICITUDE/2024 REDUCCIÓN DÉBEDA COA DEPUTACIÓN
00216/2024	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
00217/2024	APROBACIÓN SOLICITUDE ALTA NO PADRÓN DE HABITANTES



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

00218/2024	APROBACIÓN SOLICITUDE ANTICIPO E AMPLIACIÓN PRAZO XUSTIFICACIÓN PLAN MELLORA CAMIÑOS MUNICIPAIS 2024
00219/2024	APROBACIÓN CONVOCATORIA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS Nº 1/2024
00220/2024	APROBACIÓN CONVOCATORIA PLENO Nº 7/2024
00221/2024	APROBACIÓN CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Nº 12/2024
00222/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN SONIDO E ILUMINACIÓN EN SOULPORES 2024
00223/2024	APROBACIÓN VENTA TRACTOR VALMET 34004WD
00224/2024	APROBACIÓN SOLICITUDES DE PERMISOS Y LICENCIAS DE PERSOAL AGOSTO 2024
00225/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN CARTEIS PATRONA 2024
00226/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ILUMINACIÓN PATRONA 2024
00227/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN BANDA DE MÚSICA PATRONA 2024
00228/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN XOGOS TRADICIONAIS PATRONA 2024
00229/2024	APROBACIÓN ADQUISICIÓN AGUARDIENTE PATRONA 2024
00230/2024	APROBACIÓN ADQUISICIÓN TAZAS CERÁMICAS PATRONA 2024
00231/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN PIROTECNIA PATRONA 2024
00232/2024	APROBACIÓN SOLICITUDE ALTA NO SAF
00233/2024	APROBACIÓN NON DIVISIÓN EN LOTES
00234/2024	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN PROGRAMA B: MELLORA DAS COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS
00235/2024	APROBACIÓN PAGAMENTO QUILOMETRAXE XUÑO, XULLO E AGOSTO SAF
00236/2024	APROBACIÓN COPAGO SAF MAIO 2024
00237/2024	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
00238/2024	APROBACIÓN CONTRATACIÓN PERSOAL CONDUCTOR/A OPERARIO/A MAQUINARIA MUNICIPAL
00239/2024	APROBACIÓN SOLICITUDE ALTA SAF
00240/2024	APROBACIÓN CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Nº 13/2024
00241/2024	APROBACIÓN SOLICITUDE ALTA NO PADRÓN DE HABITANTES
00242/2024	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS

3.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2023

Dáse conta do expediente tramitado para a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2022.

O Sr. Rego Baamonde manifesta: *“As inversións están como están; dos presupostos que veñen da Deputación moito desvío para gastos correntes; preguntei polo prezo da hora de axuda a domicilio”*

Sr. Alcalde: *“Entre a Xunta e a Deputación aportan 11 euros e a hora sae en 20 euros”*

Sr. Rego Baamonde: *“Tamén falei das basuras e tamén están un pouco desfasadas; é moito o gasto: O que hai que facer é unha separación axeitada; parece que nos vos preocupa que se separe”*

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos Concelleiros do Partido Popular asistentes á sesión e o voto en contra dos Concelleiros do P.S. de G-PSOE, adopta o seguinte acordo:



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ó exercicio 2023 unha vez cumpridos os trámites dispostos no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

SEGUNDO.- Render a Conta ó Tribunal de Contas e ó Consello de Contas e remitir copia da mesma á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

TERCEIRO.- Dispoñer a publicación da información que contén a Conta Xeral do Orzamento na sede electrónica do Concello para xeral coñecemento.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Iniciado o turno de rogos e preguntas o Sr. Alcalde concede a palabra e inicia as intervencións o Sr. Rego Baamonde que formula as seguintes:

- *“Xa se dixo que era moi interesante gravar as sesións, aparecen cousas perdidas, non é moi normal”.*

- *“O Convenio do tractor de SEAGA, cá l é a razón de que un Convenio estea de palabra”.*

O Sr. Rego Baamonde pregunta a Secretaria que manifesta que non ten coñecemento neste momento para contestar sobre este tema.

Sr. Rego Baamonde: *“Eu pregunto si é legal”*

O Sr. Alcalde pregunta ó Sr. Rego Baamonde *“si as pistas están limpas”* e o Sr. Rego Baamonde responde *“Non o sei.”*

-Sr. Rego Baamonde pregunta *“polos quilómetros de pistas.”*

Sr. Alcalde: *“sobre uns 160 quilómetros.”*

Sr. Rego Baamonde: *“ Os 30 quilómetros da Deputación límpalos dous tractores entre sete e nove días.”*

Sr. Alcalde: *“É moi distinto facer as pasadas nas carreteras da Deputación que nas pistas.”*

Sr. Rego Baamonde: *“ O ano pasado limparonse duas veces, este ano viñeron unha sola vez.”*

Sr. Rego Baamonde pregunta *“Non considerades viable ter un tractor con dous operarios”*

Sr. Alcalde: *“ O tractor tamén sofre máis”*

- Sr. Rego Baamonde pregunta pola Base Americana e o Sr. Alcalde contesta que está igual que a vez anterior.

- Sr. Rego Baamonde pregunta polo Escolar de Freitido e o Sr. Alcalde responde *“Hai uns papeis que faltan por mandar pero a Delegada do goberno xa estivo a velo”*

- Sr. Rego Baamonde pregunta *“Escolar de Casanova, tendes prensado facer algo, hai algunha iniciativa hacia él “*

Sr. Alcalde *“ Hai que buscarlle algunha utilidade”*

- Sr. Rego Baamonde: *“ Falaches de que ías traer o coste da recollida de basuras”*

Sr. Alcalde: *“Para o próximo Pleno xa o traigo”*

Sr. Rego Baamonde: *“ Hai que informar sobre a recollida”*

- Sr. Rego Baamonde : *“Propusen o outro día que o mellor conviña facer un Convenio co Concello de Ortigueira para o tema da recollida de animais”*

Sr. Alcalde: *“Estamos arranxandolo nós pero pódese falar co Concello de Ortigueira”*

Sr. Rego Baamonde *“ Faleiche do coste de asistencia de fogar, o que dixeches é unha cousa e o que ven aquí reflexado é outra”*

- Sr. Rego Baamonde pregunta. *“Ordenación forestal, en qué situación está”*

Sr. Alcalde: *“Hoxe estaba con ela”*

Sr. Rego Baamonde: *“ As ordenanzas pódense facer e modificar cando se queira”*

- Sr. Rego Baamonde *“Aquí viñera a Conselleira do Mar, dixera que era para osixenar o banco marisqueiro; as mariscadoras son as que o ten que dicir”*



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

- Sr. Rego Baamonde pregunta: “ Este Pleno, por que se fai hoxe ”

Sr Alcalde responde. “ Houbo que aplazalo, o que tiña é que comunicárvolo pero se me pasou ”

- Sr. Rego Baamonde pregunta “ O vehículo de Servizos Sociais veu ”

O Sr. Alcalde responde que sí e o Sr. Rego Baamonde manifesta “ Quedamos en Pleno que ías avisar cando viñera ”

- Sr. Rego Baamonde “ No anterior Pleno falamos de como estaba o tractor novo e alguén se lle escapou dicir que se ía entregar o venres seguinte; un fala de que había propostas e outro de que se ía entregar o venres ”

- Sr. Rego Baamonde pregunta “ Ese camión grúa que ía vir, que hai ”

Sr. Alcalde : “ Hai que facer outro prego pero o diñeiro non se perde ”

Sr. Rego Baamonde: “ Vaille a pasar como a outras cousas ”

- Sr. Rego Baamonde: “ O outro día aprobouse unha obra,o prezo está un pouco desfasado, sólo se vai a facer unha barandilla de madeira ”

- Sr. Rego Baamonde pregunta “ Que garantía tiñan as pasarelas do río Sor ”

Sr. Alcalde: “ É necesario recuperalas, pasaron máis de 20 anos e tamén están en zonas sombrías ”

- Sr. Rego Baamonde solicita “ a protección nas pasarelas do río ”

- Sr. Rego Baamonde. “ Volvemos o de sempre, a intersección da carretera provincial coa AC-101 ”

Sr. Alcalde “ Non fixen nada ”

Sr. Rego Baamonde pregunta: “ Tes pensado facelo ”

Sr. Alcalde responde: “ Sí ”

Sr. Rego Baamonde “ Volve a solicitalo cando o deneguen ”

- Sr. Rego Baamonde pregunta “ O tema da auga, como está ”

Sr. Alcalde: “ Esta a restrición solo en Grañas, agora xa está limpa; sobre isto hai un control exhaustivo ”

Sr Rego Baamonde: “ Eu faría unha proposta, de que os recibos da auga na época en que estea afectada, a contía que se retire ou se minimize; estades de acordo ” pregunta.

Sr. Alcalde: “ Estamos de acordo se cerramos a auga e durante ese tempo non se consume. É un cousa puntual; ningún Concello fixo o que propós tí ”

Sr. Rego Baamonde. “ Entonces, isto non interesa ”

- Sr. Rego Baamonde pregunta “ Grabación dos Plenos, qué ”

Procédese a dar unha explicación do Decreto 24/2018.

Sr. Rego Baamonde “ Vosoutros seguides enrocados en non gravar ”

- Sr. Rego Baamonde “ Tamén seguides enrocados en que a xente que non está vivindo aquí que se empadrone aquí ”

Sr. Alcalde: “ Tu velo ilegal; eu non vou estar mirando quen está na casa e quen non ”

- Sr. Rego Baamonde “ Falamos da conectividade da Obra Pía ”

Sr. alcalde: “ Alí hai dúas redes ”

Sr. Rego Baamonde: “ Cando mandedes a alguén avisade para poder ir ”

- Sr. Rego Baamonde: “ Solicitamos facer publicidade do Camiño dos Arrieiros, falaches algo ”, pregunta.

Sr. Alcalde “ Non falamos nada ”

Sr. Rego Baamonde pregunta “ Non hai posibilidade de facer presión ós Concellos de Ortigueira e As Pontes de que sigan co Camiño ”

Sr. Alcalde: “ A nosa parte está limpa ”



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

A continuación inicia a súa intervención o Sr. González Trasancoa que formula os seguintes:

- *“Sinaís dos cans”*

Sr. Alcalde: *“Puxémolas”*

Sr. González Trasancos: *“ Quedamos de poñer algunha para que recollan a basura”*

- Sr. González Trasancos: *“Tablón de anuncios”*

Sr. Alcalde: *“Está encargado”*

- Sr. González Trasancos: *“ Limpeza de contenedores, limparonse algúns, ós outros non lle tocou a manguera; ou se limpan ou non se limpan; onde o hostel están furados por abaixo”*

- Sr. González Trasancos, pregunta pola Mesa do local.

- Sr. Rego Baamonde pregunta *“ Tema do Fabriquín”*

Sr. Alcalde: *“Está igual que estaba, falta a firma de Costas ou Portos, a día de hoxe aínda está sen solucionar”*

Sr. González Trasancos: *“Eso é unha cousa moi perigosa; haberá que estar un día e outro, está todo tirado, alguén ten que facerse cargo de eso “*

- Sr. González Trasancos, pregunta: *“ O tema da auga, como está”*

Sr. Alcalde: *“ Penso que está todo resolto”*

- Sr. González Trasancos: *“ Hai moitas luces e farolas que faltan”*

Sr. Alcalde: *“ O alumeado de Bares hai que metelo nun Plan porque está todo calcinado; moitas veces saltan os automáticos por ese motivo”*

Sr. González Trasancos, solicita *“Pode ir o electricista a dar unha volta”*

- Sr. González Trasancos, comunica *“ Houbo un pequeno saqueo de osos na praia”*

- Sr. González Trasancos comunica *“ Augas fecales diante do chiringuito”*

Sr. Alcalde: *“Levamos un camión de desatasco e non se solucionou”*

- Sr. González Trasancos pregunta *“A pista, está pensado facer algo para os chavales, porterías ou algo”*

Sr. alcalde: *“ Ten que ser galvanizadas e eso é bastante caro”*

Sr. González Trasancos solicita *“Si non se pode poñer unha barandilla ó longo da pista porque métense os coches”*

Ás 22:36 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Concello de Mañón, coa data da sinatura electrónica.

A secretaria, Dna. María Valiña Garrido

O alcalde, D. Alfredo Dovale Pedreira